

**CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO, PARA A O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO E ATENCIÓN ÁS SÚAS VÍTIMAS.**

**MEMORIA EXPLICATIVA**

De conformidade co Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política social e Igualdade, á Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, órgano de dirección da Consellería de Política Social e Igualdade, correspóndenlle a función de impulsar as actuacións conducentes á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, dispón a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren.

A Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo ten entre os seus fins a atención e acompañamento ás mulleres vítimas de violencia de xénero, contribuíndo a garantir o dereito á asistencia social integral que o artigo 19 da Lei Orgánica 1/2004, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero; e a busca da eliminación total de dita violencia e a mobilización da sociedade para lograr os cambios necesarios.

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio coa Asociación Rede de



Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo para o financiamento, entre outras, das seguintes actuacións:

1. Acompañamento social en todos os trámites legais, xudiciais e policiais. Realizarase unha intervención social de información, orientación e asesoramento sobre os recursos e prestacións dirixidos a mulleres, un acollemento e/ou, a realización de intervencións sociais en situacións de crise ou urxencia e a xestión de derivacións ás diferentes institucións específicas de violencia de xénero, nos casos que procedan.

2. Orientación e asesoramento legal das usuarias sobre todas as cuestións relacionadas coa rotura da situación de violencia de xénero e as súas consecuencias, informando dos dereitos que lle asisten ás mulleres nestes casos, e resolvendo as dúbidas de forma sinxela e inmediata. Asesoramento xurídico centrado en dereito penal e civil e acompañamento das mulleres ao xulgados, policía, centros de saúde, ou administracións públicas.

3. Concienciación e formación: Denunciar o tratamento que fai a prensa sobre os casos de violencia de xénero. Realización dun obradoiro práctico que abarcará os diferentes procesos na conformación da identidade das mulleres e a súa relación coa violencia de xénero.

4. Reincorporación psico-social, desde 3 actuacións: atención psicolóxica individualizada, intervención dende o traballo social e intervención con menores vítimas de violencia de xénero.

5. Servizo de reincorporación laboral: Acompañamento individualizado na busca de emprego cun deseño de itinerarios integrados individualizados de inserción laboral e impartición de obradoiros formativos para a inserción e intermediación laboral.

A concesión directa da subvención a través deste convenio efectúase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionalar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é



poder ofertar ás vítimas de violencia de xénero e aos seus fillos e fillas un acompañamento especializado a través de persoas con formación e coñecemento específico da violencia machista, de xeito gratuito e voluntario.

A Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, é a única asociación da provincia de Pontevedra que reúne as condicións para o desenvolvemento dun Programa de prevención fronte á violencia de xénero e apoio ás súas vítimas, cun programa de asistencia e acompañamento integral con mulleres en procesos de violencia así como o desenvolvemento de proxectos que abranguen a súa reincorporación psicosocial desde a área psicolóxica, física e social tanto pola experiencia, coñecemento e especialización das profesionais das que dispón, especificamente no campo da violencia de xénero, como pola dilatada experiencia que acredita no trato con vítimas desta violencia.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro

